Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Probas de graduado en educación secundaria

Maio de 2015

Ámbito

Social (modelo A)

▪ 1º apelido *1er apellido*	
▪ 2º apelido *2º apellido*	
▪ Nome *Nombre*	
▪ DNI	

1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de 25 cuestións tipo test.
  La prueba consta de 25 cuestiones tipo test.
- As cuestións teñen catro posibles respostas, das que soamente unha é correcta.
  Las cuestiones tienen cuatro posibles respuestas, de las que solamente una es correcta.

Puntuación

- Un punto por cuestión correctamente contestada.
  Un punto por cuestión correctamente contestada.
- Cada resposta incorrecta restará 0,25 puntos.
  Cada respuesta incorrecta restará 0,25 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
  Las respuestas en blanco no descontarán puntuación.

Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 60 minutos.
  Este ejercicio tendrá una duración máxima de 60 minutos.

Procedemento / *Procedimiento*

- En cada cuestión, sinale a resposta correcta rodeando cun círculo a letra elixida. Se quere rectificar, risque a letra elixida e rodee cun círculo a opción que considere correcta.
  En cada cuestión, señale la respuesta correcta rodeando con un círculo la letra elegida. Si quiere rectificar, tache la letra elegida y rodee con un círculo la opción que considere correcta.
- Neste caderno de exame pode realizar as anotacións que desexe.
  En este cuaderno de examen puede realizar las anotaciones que desee.
- Traslade despois as respostas elixidas á folla de respostas.
  Traslade después las respuestas elegidas a la hoja de respuestas.

2. Exercicio

Texto 1

As coordenadas xeográficas	*Las coordenadas geográficas*
A Terra ten forma de esfera, lixeiramente achatada polos polos; é dicir, é un xeoide. Por iso, a representación máis exacta do noso planeta é o globo terráqueo, aínda que tamén se representa mediante mapas. Para localizar calquera punto da superficie terrestre sobre un globo ou mapa trazouse unha rede de liñas imaxinarias: os meridianos e paralelos. A posición dun punto vén dada pola súa lonxitude e pola súa latitude. A lonxitude e a latitude son as coordenadas xeográficas dese punto e mídense en graos. AAVV, *Xeografía 2,* ECIR, 2003.	*La Tierra tiene forma de esfera, ligeramente achatada por los polos, es decir, es un geoide. Por eso, la representación más exacta de nuestro planeta es el globo terráqueo, aunque también se representa mediante mapas.* *Para localizar cualquier punto de la superficie terrestre sobre un globo o mapa se trazó una red de líneas imaginarias: los meridianos y paralelos.* *La posición de un punto viene dada por su longitud y por su latitud. La longitud y la latitud son las coordenadas geográficas de ese punto y se miden en grados.* *AAVV,* Geografía 2*, ECIR, 2003.*

1. A idea principal do texto 1 é que...

La idea principal del texto 1 es que...

A A posición dun punto sobre a superficie terrestre vén dada pola lonxitude e a altitude.
La posición de un punto sobre la superficie terrestre viene dada por la longitud y la altitud.

B A rede xeográfica permite localizar calquera punto terrestre.
La red geográfica permite localizar cualquier punto terrestre.

C A Terra ten forma de xeoide e, por iso, a mellor forma de representala é mediante un mapa.
La Tierra tiene forma de geoide y, por eso, la mejor forma de representarla es mediante un mapa.

D Os globos terráqueos non son a forma máis exacta de representar a superficie terrestre.
Los globos terráqueos no son la forma más exacta de representar la superficie terrestre.

2. Os meridianos son...

Los meridianos son...

A Circunferencias imaxinarias paralelas ao ecuador e perpendiculares ao eixo de rotación da Terra.
Circunferencias imaginarias paralelas al ecuador y perpendiculares al eje de rotación de la Tierra.

B Liñas imaxinarias que unen puntos situados na zona meridional do ecuador.
Líneas imaginarias que unen puntos situados en la zona meridional del ecuador.

C Circunferencias imaxinarias que van de polo a polo.
Circunferencias imaginarias que van de polo a polo.

D Liñas imaxinarias paralelas aos polos e perpendiculares ao eixo de rotación da Terra.
Líneas imaginarias paralelas a los polos y perpendiculares al eje de rotación de la Tierra.

3. Para localizar un punto sobre a superficie terrestre deberemos coñecer...

Para localizar un punto sobre la superficie terrestre deberemos conocer...

A A súa altitude e distancia ao ecuador.
Su altitud y distancia al ecuador.

B A súa lonxitude e altitude.
Su longitud y altitud.

C A súa distancia ao meridiano 0º e a altitude.
Su distancia al meridiano 0º y la altitud.

D A súa distancia ao meridiano 0º e ao ecuador.
Su distancia al meridiano 0º y al ecuador.

4. Que entendemos por lonxitude?

¿Qué entendemos por longitud?

A A distancia entre un punto calquera da superficie terrestre e o meridiano 0º.
La distancia entre un punto cualquiera de la superficie terrestre y el meridiano 0º.

B A distancia entre un punto calquera da superficie terrestre e o ecuador.
La distancia entre un punto cualquiera de la superficie terrestre y el ecuador.

C A distancia entre un punto calquera da superficie terrestre e o nivel do mar.
La distancia entre un punto cualquiera de la superficie terrestre y el nivel del mar.

D A distancia entre un punto calquera da superficie terrestre e o centro da Terra.
La distancia entre un punto cualquiera de la superficie terrestre y el centro de la Tierra.

5. Como se denomina a lei ou o conxunto de leis básicas aprobadas por votación que rexen un Estado?

¿Cómo se denomina la ley o el conjunto de leyes básicas aprobadas por votación que rigen un Estado?

A Lei Superior do Estado.
Ley Superior del Estado.

B Carta Outorgada.
Carta Otorgada.

C BOE (Boletín Oficial do Estado).
BOE (Boletín Oficial del Estado).

D Constitución.
Constitución.

6. A forma desta pirámide demográfica correspóndese coa dunha poboación...

La forma de esta pirámide demográfica se corresponde con la de una población...



A Regresiva.
Regresiva.

B Estable.
Estable.

C Expansiva.
Expansiva.

D En crecemento.
En crecimiento.

7. Se un Estado establece aranceis (impostos) fronteirizos para protexer os seus produtos fronte á competencia dos de procedencia foránea, dicimos que está desenvolvendo unha política comercial...

Si un Estado establece aranceles (impuestos) fronterizos para proteger sus productos frente a la competencia de los de procedencia foránea, decimos que está desarrollando una política comercial…

A Librecambista.

B De sistema mixto.

C Proteccionista.

D Capitalista.

8. A que países pertencen os territorios numerados?

¿A qué países pertenecen los territorios numerados?

A China (1), Marrocos (2), Paraguai (3) e México (4).
China (1), Marruecos (2), Paraguay (3) y México (4).

B Mongolia (1), Alxeria (2), Paraguai (3) e Estados Unidos (4).
Mongolia (1), Argelia (2), Paraguay (3) y Estados Unidos. (4).

C Mongolia (1), Marrocos (2), Bolivia (3) e México (4).
Mongolia (1), Marruecos (2), Bolivia (3) y México (4).

D China (1), Alxeria (2), Bolivia (3) e Estados Unidos (4).
China (1), Argelia (2), Bolivia (3) y Estados Unidos (4).

9. Tras observar os seguintes gráficos sobre o consumo de cereais, a que conclusión pode chegar?

Tras observar los siguientes gráficos sobre el consumo de cereales, ¿a qué conclusión puede llegar?

A O nivel de consumo de cereais é superior nos Estados máis desenvolvidos, posto que son básicos na dieta de todas as persoas.
El nivel de consumo de cereales es superior en los Estados más desarrollados, puesto que son básicos en la dieta de todas las personas.

B O nivel de consumo de cereais é inferior nos Estados máis desenvolvidos, porque posúen unha dieta máis variada.
El nivel de consumo de cereales es inferior en los Estados más desarrollados, porque poseen una dieta más variada.

C O nivel de consumo de cereais é semellante en todos os Estados do mundo, pois están na base da dieta humana.
El nivel de consumo de cereales es semejante en todos los Estados del mundo, pues están en la base de la dieta humana.

D O nivel de consumo de cereais é inferior nos Estados menos desenvolvidos, porque non producen excedentes.
El nivel de consumo de cereales es inferior en los Estados menos desarrollados, porque no producen excedentes.

10. Neste gráfico podemos observar...

En este gráfico podemos observar...



A Que o aumento da concentración de CO_2 na atmosfera produce un incremento na temperatura media anual do planeta.

Que el aumento de la concentración de CO_2 en la atmósfera produce un incremento en la temperatura media anual del planeta.

B Que a temperatura media anual aumenta e provoca unha diminución na concentración de CO_2 na atmosfera.

Que la temperatura media anual aumenta y provoca una disminución en la concentración de CO_2 en la atmósfera.

C Que non existe relación directa demostrable entre o aumento da temperatura media anual e a maior concentración de CO_2 na atmosfera.

Que no existe relación directa demostrable entre el aumento de la temperatura media anual y la mayor concentración de CO_2 en la atmósfera.

D Que a concentración de CO_2 na atmosfera é menor a medida que aumenta a temperatura media anual do planeta.

Que la concentración de CO_2 en la atmósfera es menor a medida que aumenta la temperatura media anual del planeta.

Texto 2

Programa de partido	***Programa de partido***
1. Esiximos a unión de todos os alemáns para constituír unha Grande Alemaña fundamentada no dereito á independencia de que gozan as nacións.	*1. Exigimos la unión de todos los alemanes para constituir una Gran Alemania fundamentada en el derecho a la independencia de que gozan las naciones.*
2. Esiximos (...) a abolición dos Tratados de Versalles e de Saint-Germain.	*2. Exigimos (...) la abolición de los Tratados de Versalles y de Saint-Germain.*
3. Esiximos territorios e colonias para a alimentación do noso pobo e para o establecemento do noso exceso de poboación.	*3. Exigimos territorios y colonias para la alimentación de nuestro pueblo y para el establecimiento de nuestro exceso de población.*
4. (...) Ninguén, agás aqueles por cuxas veas circula sangue alemán, sexa cal for o seu credo relixioso, poderá ser membro da nación. Por conseguinte, ningún xudeu será membro da nación.	*4. (...) Nadie, excepto aquellos por cuyas venas circula sangre alemana, sea cual fuera su credo religioso, podrá ser miembro de la nación. Por consiguiente, ningún judío será miembro de la nación.*
5. Abolirase todo ingreso non logrado por medio do traballo, así como a servidume imposta polo interese (...).	*5. Se abolirá todo ingreso no logrado por medio del trabajo, así como la servidumbre impuesta por el interés (...).*
6. Esiximos a nacionalización de todos os negocios que se organizaron ata hoxe en grandes compañías.	*6. Exigimos la nacionalización de todos los negocios que se organizaron hasta hoy en grandes compañías.*
Extracto dos 25 puntos do programa do partido (...), 1920.	Extracto de los 25 puntos del programa del partido *(...), 1920.*

11. O texto 2 é un fragmento que pertence ao programa do partido...

El texto 2 es un fragmento que pertenece al programa del partido...

A Fascista.
Fascista.

B Falanxista.
Falangista.

C Nacional-socialista.
Nacional-socialista.

D Bolxevique.
Bolchevique.

12. Por que piden a abolición dos Tratados de Versalles e Saint Germain?

¿Por qué piden la abolición de los Tratados de Versalles y Saint Germain?

A Porque impoñían condicións moi duras ás potencias derrotadas na I Guerra Mundial.
Porque imponían condiciones muy duras a las potencias derrotadas en la I Guerra Mundial.

B Porque non lles permitían aos derrotados da I Guerra Mundial crear novas colonias en África ou Asia.
Porque no les permitían a los derrotados de la I Guerra Mundial crear nuevas colonias en África o Asia.

C Porque supuxeron a desaparición do Imperio Otomán e a emerxencia dos Estados Unidos como potencia mundial.
Porque supusieron la desaparición del Imperio Otomano y la emergencia de los Estados Unidos como potencia mundial.

D Porque supuxeron a derrota das forzas do Eixe logo da II Guerra Mundial.
Porque supusieron la derrota de las fuerzas del Eje después de la II Guerra Mundial.

13. Segundo o texto 2 só serán membros da nación...

Según el texto 2 solo serán miembros de la nación...

A Os que pertenzan á mesma relixión (cristiá).
Los que pertenezcan a la misma religión (cristiana).

B Os nacidos en territorio nacional.
Los nacidos en territorio nacional.

C Todos os cidadáns estatais agás os xudeus.
Todos los ciudadanos estatales excepto los judíos.

D Os que posúan sangue alemán.
Los que posean sangre alemana.

14. Quen era o líder do partido político ao que fai referencia o texto 2?

¿Quién era el líder del partido político al que hace referencia el texto 2?

A Franco.
B Hitler.
C Mussolini.
D Stalin.

15. En que etapas se divide cronoloxicamente a Historia?

¿En qué etapas se divide cronológicamente la Historia?

A Idade dos Metais, Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media e Idade Moderna.
Edad de los Metales, Prehistoria, Edad Antigua, Edad Media y Edad Moderna.

B Idade dos Metais, Prehistoria, Idade Media, Idade Antiga e Idade Moderna.
Edad de los Metales, Prehistoria, Edad Media, Edad Antigua y Edad Moderna.

C Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Contemporánea e Idade Moderna.
Prehistoria, Edad Antigua, Edad Media, Edad Contemporánea y Edad Moderna.

D Prehistoria, Idade Antiga, Idade Media, Idade Moderna e Idade Contemporánea.
Prehistoria, Edad Antigua, Edad Media, Edad Moderna y Edad Contemporánea.

16. Que feito explica que falemos de "revolución" neolítica?

¿Qué hecho explica que hablemos de "revolución" neolítica?

A A aparición do Homo Sapiens Sapiens.
La aparición del Homo Sapiens Sapiens.

B A capacidade de producir alimentos.
La capacidad de producir alimentos.

C O desenvolvemento da técnica de talladura da pedra.
El desarrollo de la técnica de tallado de la piedra.

D O dominio do lume.
El dominio del fuego.

17. Como se denomina a primeira civilización urbana desenvolvida entre os ríos Tigris e Éufrates?

¿Cómo se denomina la primera civilización urbana desarrollada entre los ríos Tigris y Éufrates?

A Exipcia.
Egipcia.

B Romana.
Romana.

C Grega.
Griega.

D Mesopotámica.
Mesopotámica.

18. Que é a Héxira?

¿Qué es la Hégira?

A A fuxida de Mahoma da Meca a Medina.
La huida de Mahoma de la Meca a Medina.

B Un libro sagrado do Islam.
Un libro sagrado del Islam.

C A "guerra santa" para os musulmáns.
La "guerra santa" para los musulmanes.

D O mes do xaxún islámico.
El mes del ayuno islámico.

19. As Guerras Irmandiñas foron resultado de…

Las Guerras Irmandiñas fueron resultado de…

A A unión de campesiños e burgueses contra os abusos dos nobres.
La unión de campesinos y burgueses contra los abusos de los nobles.

B A loita de Pedro Madruga e Pardo de Cela contra os nobres.
La lucha de Pedro Madruga y Pardo de Cela contra los nobles.

C A independencia de Portugal do reino galego.
La independencia de Portugal del reino gallego.

D A loita entre os irmáns Afonso VI (León) e García (Galicia).
La lucha entre los hermanos Alfonso VI (León) y García (Galicia).

20. Que entendemos por estamentos no Antigo Réxime?

¿Qué entendemos por estamentos en el Antiguo Régimen?

A Grupos sociais pechados aos que se accedía pola riqueza.
Grupos sociales cerrados a los que se accedía por la riqueza.

B Grupos sociais abertos aos que se accedía pola riqueza.
Grupos sociales abiertos a los que se accedía por la riqueza.

C Grupos sociais pechados aos que se accedía polo nacemento.
Grupos sociales cerrados a los que se accedía por el nacimiento.

D Grupos sociais abertos aos que se accedía polo nacemento.
Grupos sociales abiertos a los que se accedía por el nacimiento.

21. Que acontecemento histórico é visible neste gráfico?

¿Qué acontecimiento histórico es visible en este gráfico?

A O efecto negativo do comezo da II Guerra Mundial na bolsa de Nova York.
El efecto negativo del comienzo de la II Guerra Mundial en la bolsa de Nueva York.

B O crac da Bolsa de Nova York en 1929.
El crac de la Bolsa de Nueva York en 1929.

C A recuperación económica estadounidense logo da II Guerra Mundial.
La recuperación económica estadounidense después de la II Guerra Mundial.

D O incremento do prezo das accións na Bolsa de Nova York no período de entreguerras.
El incremento del precio de las acciones en la Bolsa de Nueva York en el período de entreguerras.

22. A fachada do Obradoiro da catedral de Compostela é un exemplo de arquitectura...

La fachada del Obradoiro de la catedral de Compostela es un ejemplo de arquitectura...

A Románica.
B Gótica.
C Barroca.
D Modernista.

23. A bóveda que ve a continuación é de...

La bóveda que ve a continuación es de...

A Cruzaría.
Crucería.

B Aresta.
Arista.

C Canón.
Cañón.

D Forno.
Horno.

24. O Códice Calixtino é unha das fontes máis importantes para coñecer a música...

El Códice Calixtino es una de las fuentes más importantes para conocer la música...

A Popular medieval.
Popular medieval.

B Dos trobadores da Provenza.
De los trovadores de la Provenza.

C Culta medieval.
Culta medieval.

D Tradicional galega.
Tradicional gallega.

25. Na tradición trobadoresca galaico-portuguesa, segundo a temática, atopamos como xéneros maiores...

En la tradición trovadoresca galaico-portuguesa, según la temática, encontramos como géneros mayores...

A As cantigas de amigo, as cantigas de escarnio e as cantigas de maldicir.
Las cantigas de amigo, las cantigas de escarnio y las cantigas de maldecir.

B A pastorela, a alborada e o pranto.
La pastorela, la alborada y el planto.

C O canto gregoriano, a poesía lírica e a alborada.
El canto gregoriano, la poesía lírica y la alborada.

D A pastorela, o canto gregoriano e as cantigas de amigo.
La pastorela, el canto gregoriano y las cantigas de amigo.